

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 27 DE XULLO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de membros do Consello Escolar de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Moaña do dominio público viario (DPV) sobre o túnel da AG-46, afectado polo Castro de Montealegre.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura da categoría de médico/a de urxencias hospitalarias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para o ano 2026.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés e os concellos integrantes da Mancomunidade para actuacións de mellora paisaxística e de promoción do Xacobeo no Camiño Francés, por un importe total dun millón cento vinte e seis mil oitocentos euros (1.126.800,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, adxudicación con base nunha pluralidade de criterios, tramitación ordinaria e licitación electrónica, do servizo de vixilancia e seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia (4 lotes), por un importe de licitación de tres millóns trescentos noventa e seis mil oitocentos setenta e cinco euros con trinta e seis céntimos (3.396.875,36 €), IVE incluído, e cun valor estimado de seis millóns cento setenta e seis mil cento trinta e sete euros con dous céntimos (6.176.137,02 €).
- Acordo polo que se toma razón do Plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de Policía local durante a tempada de verán 2026.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para o control da calidade das augas subterráneas do ámbito territorial da demarcación hidrográfica de Galicia Costa polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, polo importe dun millón douscentos trinta e nove mil douscentos oito euros (1.239.208,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M. P. para o establecemento das condicións de funcionamento do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, por un importe de catrocentos corenta e un mil euros (441.000,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e a conta aos recollidos na normativa de subvencións de Galicia e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño durante o anos 2026, 2027 e 2028, e polo que se procede á súa convocatoria. Importe total: trescentos catorce mil trescentos trinta e tres euros con trinta e catro céntimos (314.333,34 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, na Orde pola que se regulan as bases para a concesión das axudas económicas a vítimas de violencias sexuais establecidas no artigo 41 da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, e pola que se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Importe total: dous millóns vinte e dous mil seiscientos trinta e oito euros (2.022.638,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da Orde das axudas económicas dirixidas ás persoas con esclerose lateral amiotrófica ou dos seus fenotipos para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o Plan director do sector alimentario.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2027, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e polo que se lle dá traslado ao Parlamento de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, SA, á licitación das obras de construción dun edificio de 65 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais comerciais na parcela 10 do sector PP-1-R do Bertón, Concello de Ferrol (A Coruña), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de dez millóns oitocentos quince mil catrocentos trece euros con trinta e catro céntimos (10.815.413,34 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Bande, para a execución das obras de mellora do acceso ao mercado do Xurés, por un importe de douscentos sesenta e oito mil cincuenta euros con oitenta e oito céntimos (268.050,88 €).
- Acordo polo que se toma razón da declaración dunha área de rehabilitación integral nos barrios da Milagrosa e Feijoo no concello de Lugo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da evolución das aplicacións e módulos que conforman o sistema de información da historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde e a súa plataforma base, por un importe total de licitación de oito millóns cincocentos setenta mil cincocentos setenta e cinco euros con vinte céntimos (8.570.575,20 €), IVE incluído, e un valor estimado de trece millóns nove mil catrocentos vinte e catro euros (13.009.424,00 €), sen IVE.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se crea e cualifica, como centro de interpretación do patrimonio cultural, o centro denominado Centro Etnográfico O Seixidal.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se determina o importe global dos contratos reservados a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción para o ano 2026 e polo que se dá conta do seguimento da reserva destes contratos na anualidade 2025.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da Memoria anual do ano 2025 do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre o novo decreto regulador das ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto construtivo "Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-254 (Ponteareas) e PO-262 (Mondariz)", cun presuposto base de licitación, IVE Incluído, dun millón oitocentos corenta e sete mil trescentos oitenta e dous euros con sesenta e catro céntimos (1.847.382,64 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a evolución das publicacións institucionais da Xunta de Galicia 2022-2025.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria 2026-2027 das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), convocadas para o ano 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA RENOVA PARTE DA SÚA COMPOSICIÓN

O Consello da Xunta dá luz verde á renovación parcial deste órgano de participación educativa, que incorpora catro novos integrantes

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación parcial da composición do Consello Escolar de Galicia. Deste xeito, a actualización límtase á incorporación de catro novos membros.

No grupo correspondente a ANPE-Galicia Sindicato Independente, Julio César Trashorras de la Fuente pasa a ocupar o posto de Julio Díaz Escolante. Pola súa banda, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade designa a Eloína Ingerto López en substitución de María Quintiana Pérez. Así mesmo, a Federación de Centros de Educación e Xestión incorpora a Francisco Barros Sanmartín, que substitúe a Juana María Otero Torres. No caso da Universidade de Santiago de Compostela, propónse a entrada de Javier Rico Díaz por José Ángel Armas Castro.

Creado en 1986, o Consello Escolar de Galicia constitúe o principal órgano colexiado de participación da comunidade educativa galega. Entre as súas funcións, destacan a emisión de informes, a formulación de propostas e o asesoramento sobre as políticas educativas da comunidade autónoma. Ademais, serve como espazo de encontro e diálogo entre a Administración e os distintos sectores implicados no ensino, co propósito de impulsar a mellora continua e a modernización do sistema educativo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MOAÑA DO DOMINIO PÚBLICO VIARIO SOBRE O TÚNEL DA AUTOVÍA DO MORRAZO, NO CASTRO DE MONTEALEGRE

- O cambio de titularidade deste treito sobre a AG-46, cunha extensión de 9.101m², contribúe á protección, conservación e posta en valor dos xacementos arqueolóxicos do castro de Montealegre
- A partir da formalización da entrega, o Concello terá a competencia para levar a cabo as xestión, o mantemento, a conservación e a explotación do dominio público viario transferido, e calquera outra que lle poida corresponder como titular
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Moaña do dominio público viario sobre o túnel da autovía do Morrazo (AG-46), afectado polo castro de Montealegre.

O Concello de Moaña manifestou o seu compromiso de asumir a titularidade do castro de Montealegre, logo da delimitación, limpeza e sinalización do terreo. A Xunta, a través da Axencia Galega, encargou estes traballos, que xa se atopan finalizados e certificados.

A transferencia da citada superficie por parte da Xunta de Galicia, cunha extensión de 9.101 m², non supón a interrupción da continuidade funcional nin dos itinerarios da estrada, nin lle afecta a ningún dos elementos que integran a infraestrutura viaria. Así mesmo, contribúe á protección, conservación e posta en valor dos xacementos arqueolóxicos do castro de Montealegre.

O cambio de titularidade a prol do Concello de Moaña destes terreos de dominio público viario da AG-46, situados sobre o túnel do castro de Montealegre, non supoñen a interrupción de ningún dos itinerarios dos que forma parte a autovía do Morrazo, dado que a transferencia da titularidade non afecta a súa continuidade, que se mantén a través do túnel que pasa por debaixo dos terreos obxecto desta transferencia.

Esta transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, o Concello de Moaña terá a competencia para levar a cabo todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do dominio público viario transferido, e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular, a partir da formalización da súa entrega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO PARA A CONVOCATORIA DE 25 PRAZAS DE MÉDICO DE URXENCIAS, POR CONCURSO DE MÉRITOS, PARA O COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

- Trátase dunha oferta extraordinaria de emprego público cuxo obxectivo é axilizar a provisión de especialistas nun servizo considerado de difícil cobertura
- Ofértanse a totalidade das vacantes existentes neste servizo do hospital ourensán e resérvanse dúas prazas para a quenda de discapacidade xeral
- A oferta pública de emprego realízase baixo esta modalidade grazas ao impulso, por parte da Xunta, da reforma da Lei de medidas extraordinarias dirixidas á provisión de postos de difícil cobertura, aprobada no Parlamento a comezos de xullo, que lles dá esta consideración ás prazas de medicina de urxencias do hospital de Ourense
- Co obxectivo de captar o maior número de profesionais posibles, incentívase co triplo de puntuación a experiencia laboral acumulada polos servizos prestados nas urxencias do hospital ourensán
- O Servizo Galego de Saúde iniciará de xeito inmediato a tramitación administrativa para publicar o decreto de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* no mes de agosto.
- O obxectivo é que o proceso poida estar resolto e as prazas de médico de urxencias cubertas no primeiro semestre do vindeiro ano

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura na categoría de médico de urxencias hospitalarias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para o ano 2026.

Nesta convocatoria extraordinaria, o Servizo Galego de Saúde ofertará a totalidade das prazas vacantes que existen nesta unidade e reservará dúas prazas para a quenda de discapacidade xeral.

O obxectivo principal deste procedemento é garantir a calidade e a continuidade asistencial nun servizo sanitario considerado como prioritario, ademais dar unha resposta efectiva ás necesidades de persoal do centro que, malia que conta cun cadro de persoal de 50 profesionais, na actualidade unicamente ten ocupadas 25 destas prazas.

A medida realízase ao abeiro da reforma da Lei de medidas extraordinarias dirixidas á provisión de postos de difícil cobertura, impulsada polo Executivo autonómico e aprobada no Pleno do Parlamento galego o pasado 7 de xullo, que lles dá esta consideración ás prazas de medicina de urxencias do hospital de Ourense.

Ademais, co obxectivo de captar o maior número de profesionais posibles, incentívase co triplo de puntuación a experiencia laboral acumulada polos servizos prestados nas urxencias do hospital ourensán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na actualidade, as necesidades de persoal do servizo de urxencias deste hospital estanse a cubrir grazas ao esforzo e ao compromiso dos profesionais do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e doutras áreas sanitarias, que están cubrindo as vacantes. Con este fin, a Xunta puxo en marcha un programa especial de urxencias para que facultativos doutras áreas presten apoio e cubran o servizo de urxencias do hospital ourensán.

Tras a aprobación por parte do Consello da Xunta, o Servizo Galego de Saúde iniciará de xeito inmediato os trámites administrativos necesarios para publicar a convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* do mes de agosto.

O obxectivo é que o proceso poida estar resolto e as prazas de médico de urxencias cubertas no primeiro semestre do vindeiro ano.

Con estas medidas, a Xunta mantén a súa aposta por reforzar o sistema sanitario público en Ourense, achegando a mellor asistencia sanitaria posible ás persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A PROMOCIÓN DO XACOBEO 2027 E A MELLORA DO CAMIÑO FRANCÉS CUN CONVENIO DE MAIS DE 1,12 M€ COA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS

- O acordo, que se asina tamén cos once concellos, inclúe actuacións de mellora paisaxística e embelecemento de recursos situados na ruta xacobeá
- En total, desde 2014 Turismo de Galicia leva investidos case 6,8 millóns de euros en acordos coa Mancomunidade ou cos municipios pertencentes a ela

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo que autoriza a sinatura dun novo convenio de cara a mellorar e promover o Camiño Francés e de cara a impulsar a preparación da programación da entidade con vistas ao Xacobeo 2027. En concreto, este convenio asinarase entre Turismo de Galicia, a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés e as devanditas localidades, e inclúe unha achega por parte do Goberno galego de máis de 1,12 millóns de euros.

En concreto, o convenio establece que Turismo de Galicia colaborará no financiamento das actuacións previstas, mentres que serán a Mancomunidade e os concellos integrantes quen desenvolverán estas actuacións. Trátase, en concreto, dos municipios de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela.

Este novo acordo recolle a oportunidade que suporá a celebración do Ano Santo Xacobeo 2027 para potenciar Galicia e promover e reforzar a dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade. Así, constátase a vontade común de colaborar na revalorización, mellora e conservación do Camiño e na prestación dunha mellor atención ás persoas visitantes, así como na promoción cultural e turística da ruta xacobeá.

No convenio recóllense dúas liñas de actuacións. A primeira está destinada aos concellos, e nela inclúense traballos relacionados coa mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos situados no Camiño Francés; o desenvolvemento de actividades culturais e turísticas para promover o Xacobeo 2027, e os gastos de persoal técnico para as oficinas de turismo dos propios concellos.

A segunda liña, destinada á propia Mancomunidade, recolle o desenvolvemento dunha acción anual de promoción do Xacobeo e do Camiño Francés, así como os gastos de contratación dunha persoa técnica para levala a cabo e coordinarse cos municipios.

Continuidade

Este novo convenio dá continuidade a outros acordos previos coa Mancomunidade e cos concellos integrantes para o financiamento de actuacións no Camiño Francés. En total, desde 2014 e con este novo convenio, Turismo de Galicia leva investidos case 6,8

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

millóns de euros en actuacións destinadas a reforzar a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés e os municipios pertencentes a esta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A NOVA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NOS EDIFICIOS DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA

O contrato conta cun importe base de licitación de case 3,4 millóns de euros e está previsto que entre en vigor en decembro deste ano por un período de 24 meses, prorrogable outros 24 meses máis

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova contratación do servizo de vixilancia e seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia, coa previsión de que entre en vigor en decembro deste ano, cunha duración de 24 meses e prorrogable por outros 24 meses máis. O importe base de licitación é de case 3,4 millóns de euros, un 8 % máis que o anterior.

A nova licitación divídese en catro lotes que se corresponden con cada unha das provincias galegas. A prestación do servizo desde comezos de decembro de 2026 ata finais de novembro nos edificios xudiciais da provincia de Pontevedra é a que supón o maior investimento, con case 1,6 millóns de euros. Séguela a da Coruña, con máis de 982.000 euros. Pola súa banda, a Ourense destínanse case 522.000 euros e a Lugo máis de 320.000. O importe total do valor estimado do contrato para os catro lotes, no caso de prorrogarse, supera os 6 millóns de euros.

Con esta distribución quérese adecuar o contrato ás novas necesidades de servizos complementarios aos prestados polos membros da Garda Civil e da Policía nacional, a través do convenio co Ministerio do Interior para a seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia. Cómpre lembrar que este acordo supón un investimento de 9,6 millóns de euros no período 2026-2029 para que efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado realicen labores de vixilancia e protección nas instalacións xudiciais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A CONTRATACIÓN NESTE VERÁN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL NOS CONCELLOS MÁIS TURÍSTICOS

- O Consello da Xunta informou hoxe do Plan específico de subvencións para contratar auxiliares de Policía local, no que o Goberno galego inviste 145.000 euros que van beneficiar trece concellos
- A Xunta leva investidos máis de 1,4 millóns de euros no financiamento da contratación de axentes durante a época estival nos concellos turísticos da comunidade

O Consello da Xunta informou hoxe do Plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de Policía local durante a tempada de verán, ao que o Goberno galego destina 145.000 euros para subvencionar as contratacións realizadas entre o 1 de xuño e o 30 de setembro deste ano. A contía distribúese entre trece concellos: Baiona, Cangas de Morrazo, O Grove, A Guarda, Nigrán, Poio e Sanxenxo, na provincia de Pontevedra; nos concellos coruñeses de Fisterra, Laxe, Miño e Padrón, e nos lucenses de Foz e Viveiro.

Como novidade con respecto aos anos anteriores, cambiouse nos criterios de selección o límite de poboación mínima absoluta (5.000 habitantes) e o mínimo absoluto de prazas de aloxamento (1.000 prazas) pola ratio entre as prazas de aloxamento e a poboación, que debe superar o 20 %. Isto permite incorporar concellos de menor poboación, pero cunha presión turística estacional proporcionalmente moi elevada, como Fisterra, Laxe ou Padrón que, xunto con Viveiro, acceden por primeira vez á medida. Ademais, o número de concellos beneficiados medra con respecto a 2025, que foron oito.

Para a distribución do importe total, utilizouse como criterio a porcentaxe que representa o número de prazas de aloxamento sobre a cifra de poboación. Deste xeito, os concellos nos que o número de prazas de aloxamento representa máis do 50 % sobre o total de poboación —Sanxenxo, O Grove e Fisterra— reciben 18.000 euros; os concellos nos que o número de prazas de aloxamento representa máis do 30 % —Laxe, Baiona e Foz— reciben 10.750 euros, e os concellos nos que o número de prazas de aloxamento representa unha porcentaxe igual ou inferior ao 30 % —Miño, Viveiro, Poio, Nigrán, Padrón e Cangas de Morrazo— reciben 8.000 euros.

Outros criterios de selección

Entre os criterios de selección, esíxese tamén contar coa declaración como municipios turísticos galegos; ter un corpo de Policía local e ter asinado e en vigor un convenio coa Xunta de Galicia para a cobertura de vacantes de auxiliares de Policía local.

Alternativamente, requírese convocar procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de Policía local durante este ano e remitirlle as bases da devandita convocatoria á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para os efectos de emitir un ditame.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde a posta en marcha do plan, en 2012, o Goberno galego leva investidos máis de 1,4 millóns de euros no financiamento da contratación de auxiliares de Policía local durante a tempada de verán nos concellos turísticos da comunidade.

Así, a Xunta colabora cos concellos máis turísticos de Galicia a través destas axudas á contratación de persoal, axudas de carácter temporal para o desempeño das funcións de auxiliar de Policía local nas localidades que experimentan unha maior afluencia estacional de poboación, co obxectivo de incrementar a eficacia dos seus corpos de seguridade durante a tempada de verán en 2026. A medida enmárcase, ademais, no compromiso de lles facilitar ás administracións locais a prestación de servizos a prol da seguridade da veciñanza e das persoas visitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O CONTROL DA CALIDADE DAS AUGAS SUBTERRÁNEAS A TRAVÉS DO LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA CUN INVESTIMENTO DE 1,24 M€

- O Consello da Xunta autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Laboratorio que permitirá realizar ata 2030 mostraxes en 76 puntos e analizar os seus nutrientes e contaminantes
- O obxectivo da iniciativa é garantir a calidade e sostibilidade a longo prazo destas masas hídricas e, ademais, protexer a saúde pública e o medio ambiente
- O Laboratorio encargárase de tomar as mostras, transportalas e custodialas nas súas instalacións, onde serán analizadas co obxectivo de trasladar periodicamente os seus resultados a Augas de Galicia para facilitar a xestión da información e a toma de decisións sobre os recursos hídricos autonómicos
- A demarcación hidrográfica Galicia-Costa conta con 18 masas de auga subterránea que, segundo a última avaliación, se atopan en bo estado na súa totalidade
- As augas subterráneas teñen unha grande importancia, sobre todo en períodos de seca, dado que supoñen unha reserva natural de auga doce que pode ser utilizada para o abastecemento de auga potable e que, ademais, grazas a súa interacción coas augas superficiais, contribúe ao caudal dos ríos e lagos

A Xunta de Galicia reforzará o control da calidade das augas subterráneas da demarcación hidrográfica Galicia-Costa a través da renovación do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, que suporá un investimento de 1,24 millóns de euros ata o ano 2030.

O obxectivo desta addenda, que foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta, é asegurar a calidade e a sostibilidade deste recurso hídrico a longo prazo así como protexer a saúde pública e o medio ambiente. Nese senso, cómpre lembrar que as augas subterráneas supoñen unha reserva natural de auga doce que pode ser utilizada para o abastecemento de auga potable á cidadanía, para a agricultura ou para a industria. Ademais, a través da súa interacción coas augas superficiais, contribúen tamén ao caudal dos ríos e lagos. De aí a súa importancia sobre todo en períodos de seca.

A colaboración entre os dous departamentos adscritos á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático garante así tanto o establecemento dunha adecuada programación como o correcto desenvolvemento da toma de mostras, análise e tratamento dos datos dos programas de control das masas de auga subterránea de competencia autonómica.

En concreto, o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG) encargárase da toma de mostras, do seu transporte e da súa custodia ata as súas instalacións na Coruña e Pontevedra, onde se levarán a cabo as análises pertinentes. Os resultados entregaranse periodicamente nun formato compatible coas bases de datos de Augas de Galicia para facilitar a xestión da información e a toma de decisións relacionadas coa vixilancia das augas subterráneas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A programación prevé realizar mostraxes cada dous meses nos 76 puntos que conforman a rede de control de augas subterráneas e que se distribúen en 33 piezómetros, 22 mananciais, 10 fontes e 11 pozos. Nasas mostrax realízanse análises dos nutrientes e contaminantes, mediante medidas de parámetros físicos e químicos *in situ*, así como de metais, contaminantes orgánicos. Existe, ademais, un programa específico de vixilancia de praguicidas.

Desde 2024 o LMAG realizou a toma de 767 mostrax –procedentes de piezómetros, mananciais, fontes e pozos– e fixo un total de 57.190 determinacións químicas e biolóxicas. En concreto, a demarcación conta con 18 masas de auga subterránea que, segundo a última avaliación, se atopan en bo estado na súa totalidade. Polo tanto, con esta addenda refórzase a colaboración que manteñen desde hai anos Augas de Galicia e o Laboratorio en actuacións de análise e control das augas.

Control periódico das masas de auga

Estes estudos responden unha das obrigas que, segundo establece a directiva marco da auga e as normativa estatais, lle corresponden a Augas de Galicia como organismo de conca autonómico, que é analizar de forma periódica o estado das masas de auga da demarcación Galicia-Costa. O control continuo e periódico das masas de augas que exige o cumprimento desta obriga esixe un control continuo e periódico das masas de auga, o que encaixa perfectamente coas funcións do LMAG.

De feito, o Laboratorio tamén se encarga da toma de mostrax das redes de control da calidade das augas naturais superficiais continentais, costeiras e de transición; de análises microbiolóxicas; da identificación de distintos organismos biolóxicos e das analíticas de nutrientes, que son parámetros moi útiles para coñecer o estado ecolóxico en todas as masas de auga de competencia galega.

Así mesmo, xunto cos técnicos de Augas, tamén toman mostrax e fan análises de cianobacterias nos encoros destinados a consumo da demarcación hidrográfica Galicia-Costa; realizan diagnoses da recuperación ecolóxica dun curso de auga tras unha vertedura; e colaboran no rexistro de especies invasoras e ameazadas, co apoio e a colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Estas tarefas, e outras como o apoio na avaliación da calidade do aire da Comunidade e á Inspección Ambiental no seguimento das autorizacións ambientais, converteron ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia nun referente nacional e internacional na investigación, na vixilancia ambiental e na loita contra o cambio climático.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO DESTINA PRETO DE 500.000 EUROS AO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO, UN CENTRO DE INVESTIGACIÓN MIXTO ENTRE A XUNTA E O CSIC

O Consello dálle luz verde a esta colaboración sostida no tempo e a través da cal a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional financia os gastos de funcionamento deste organismo dedicado ás ciencias históricas e do patrimonio

O Goberno galego renova o seu compromiso e destinará preto de 500.000 euros a financiar o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, un centro mixto de investigación de titularidade compartida entre a Xunta e o Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), que se dedica a actividades de investigación, formación, transferencia de coñecemento e divulgación no ámbito da historia.

O Consello da Xunta acaba de autorizar un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas para contribuír a financiar o funcionamento deste instituto, que opera como un centro mixto desde o ano 2000.

Así mesmo, no convenio establécense as súas funcións, os medios materiais e a organización e xestión da súa actividade científica, enfocada ao avance da investigación e ao desenvolvemento tecnolóxico no ámbito das ciencias históricas e do patrimonio cultural de Galicia e á súa proxección tanto nacional coma internacional.

O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, que xorde do desaparecido Seminario de Estudos Galegos, foi creado no 1943 e ten como obxectivo ser o punto de encontro dos máis destacados estudosos da humanística galega e un dos referentes da vida cultural e científica de Galicia, un labor que desenvolveu ata a década dos oitenta. Xa en 1994, o Centro Superior de Investigacións Científicas procedeu á súa reorganización e converteuno nun centro propio de investigación, con persoal científico. Un proceso de recuperación e reactivación das súas actividades científicas e culturais que culminou no ano 2000 cun convenio asinado coa Xunta de Galicia, a través do cal se converteu nun centro de investigación mixto de titularidade compartida, e que ten á fronte da Comisión Reitora os presidentes da Xunta de Galicia e do CSIC.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A CREACIÓN DE CINCO NOVAS CASAS NIÑO NO RURAL PARA FACILITAR A CONCILIACIÓN DAS FAMILIAS

O Goberno galego inviste máis de 300.000 euros na posta en marcha destes recursos que permitirán chegar ás máis de 530 prazas de 0 a 3 anos gratuítas no rural

O consello da Xunta deu luz verde hoxe a unha nova convocatoria de axudas para a creación de novas casas niño. O obxectivo é continuar reforzando a rede de recursos destinadas a atención da primeira infancia, especialmente nas zonas rurais. Deste xeito, o Goberno galego inviste máis de 300.000 euros para poñer en marcha cinco novos servizos destas características na nosa comunidade.

Con esta nova orde, dáselles continuidade ás medidas impulsadas pola Xunta para favorecer a conciliación das familias, como a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos, e que sitúan a Galicia como unha comunidade referente nesta materia. Neste caso, as casas niño son recursos esenciais no rural, xa que ofrecen atención gratuíta oito horas ao día durante once meses, sen que os nenos e as nenas teñan que abandonar a súa contorna.

Deste xeito, o Goberno galego reforza a rede de casas niño coa creación de 25 novas prazas, que permitirán sumar máis de 530 o vindeiro ano. Cada un destes servizos pode atender ata cinco nenos e están localizados en concellos con menos de 5.000 habitantes. Nestes momentos, hai arredor dun cento en funcionamento nas catro provincias e o investimento da Xunta nos últimos anos ascende a máis de 13,5 millóns de euros.

Galicia, comunidade referente en conciliación

Galicia é unha comunidade referente na conciliación das familias, ao ser o único territorio que ofrece un programa de gratuidade de once meses e oito horas diarias de educación infantil de 0 a 3 anos completamente de balde para as familias. Isto permite que máis de 32.000 nenos e nenas acudan a unha escola infantil sen pagar nada pola atención educativa dos seus fillos, independentemente de se o centro é público, privado ou de iniciativa social. Grazas a esta medida, Galicia é o territorio con maior taxa de escolarización neste primeiro ciclo de educación infantil, cun 65 % de ratio e que supón 15 puntos máis que a media nacional.

A isto súmanse achegas económicas específicas para os períodos non lectivos, como o Bono Concilia Familia, posto en marcha polo Goberno galego para axudar a sufragar os custos dos servizos de atención, como as ludotecas, os campamentos ou os coidadores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2 M€ A LANZAR POR PRIMEIRA VEZ UNHA ORDE DE AXUDAS ESPECÍFICA PARA AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL

- Rueda salienta que o obxectivo destas achegas, de ata 12.500 €, é “favorecer a recuperación integral destas mulleres e os seus fillos”
- Destaca que Galicia “será a terceira comunidade” en poñer en marcha unhas axudas para este colectivo
- Estas novas achegas reforzan o paquete de medidas de Galicia para apoiar ás vítimas de violencia sexual como a rede de casas de acollida, as axudas económicas ou a atención psicolóxica gratuíta

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello autorizou “a primeira convocatoria de axudas específicas para vítimas de violencia sexual”, que contarán cun orzamento de máis de dous millóns de euros.

“O obxectivo é favorecer a recuperación integral destas mulleres e os seus fillos e fillas”, indicou Rueda, quen precisou que esta achega -de ata 12.500 €- poderán solicitala “todas aquelas persoas que contén coa acreditación de vítima de violencia sexual”.

Esta nova convocatoria de achegas reforza o paquete de medidas que Galicia pon á disposición de todas as vítimas para contribuír a facilitar os procesos de recuperación. Neste sentido, Rueda lembrou que a Xunta conta cunha das maiores redes de recursos, como as casas de acollida, a prestación económica periódica ou a atención psicolóxica gratuíta e vén de aprobar “a primeira lei que regulará as novas formas de violencia de xénero como a violencia dixital en redes ou internet”

Coa posta en marcha desta nova liña de axudas, tal e como explicou o presidente, Galicia convértese nunha das primeiras autonomías do país en ofrecer unha achega específica para as vítimas de violencia sexual e os seus fillos e fillas. Deste xeito, a comunidade volve ser referente na loita contra a violencia de xénero e na protección das mulleres que sofren esta lacra ao ser “a terceira comunidade, tras País Vasco e Asturias” en ofrecer estas achegas, que “non substituirán outros recursos xa en marcha”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,1 M€ NUNHA NOVA CONVOCATORIA DAS AXUDAS AUTONÓMICAS PIONEIRAS PARA TODOS OS DOENTES DE ELA

- O Goberno galego impulsou esta achega de 12.000 euros no ano 2023, co obxectivo de axudar a sufragar os custos derivados da enfermidade
- As persoas beneficiarias poden empregala para a adquisición de produtos, contratación de servizos ou reformas de adaptación da vivenda
- Galicia séguelle reclamando ao Executivo central a mesma implicación e esíxelle que as axudas estatais sexan para todas as persoas con esta enfermidade

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre as axudas para as persoas con esclerose lateral amiotrófica (ELA) que o Goberno galego puxo en marcha no ano 2023. Desde ese momento, Galicia converteuse na primeira comunidade do país en impulsar unha achega económica para todos os doentes e nos vindeiros días publicará a orde correspondente a este ano, que está dotada con 2,1 millón de euros.

A través desta orde de axudas, o Goberno galego concédelle anualmente 12.000 euros a cada doente de ELA, co obxectivo de contribuír a financiar os custos derivados desta doenza. Deste xeito, nos vindeiros días publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a convocatoria correspondente a este ano, coa que a Xunta de Galicia dá continuidade a esta medida pioneira que beneficia cada ano a 200 persoas.

As achegas do Goberno autonómico para persoas con ELA poden empregarse para sufragar diferentes gastos, como a adquisición de produtos esenciais, a contratación de servizos ou a realización de reformas na vivenda para adaptala ás necesidades que poidan xurdir no transcurso da enfermidade.

O Goberno galego leva anos traballando para mellorar a calidade de vida das persoas con ELA e das súas familias. De feito, no ano 2018 creou o Proceso asistencial integrado de ELA para axilizar o seu diagnóstico e a súa atención. A isto súmase a creación, no 2025, dunha vía preferente na atención á dependencia para os doentes. Ademais, desde o pasado ano, o Goberno galego colabora coa Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica (Agaela) para lles ofrecer aos doentes atención terapéutica a domicilio.

A este respecto, a Xunta séguelle reclamando ao Goberno central a mesma implicación coas persoas afectadas, ao tempo que esixe que as achegas económicas derivadas da Lei ELA sexan para todos os enfermos e enfermas. Así, destaca que os restritivos criterios fixados na normativa estatal ocasionan que só poidan beneficiarse menos do 10 % da poboación galega afectada. A maiores, o Executivo autonómico tamén puxo de manifesto en numerosas ocasións que as estas prestacións deben poder utilizarse en calquera servizo, non só na asistencia domiciliaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN DIRECTOR DO SECTOR ALIMENTARIO PARA POSICIONALO COMO ABANDEIRADO DA CALIDADE E DA INNOVACIÓN NO MERCADO INTERNACIONAL

- Leva asociado un orzamento inicial de 216 millóns de euros para o desenvolvemento de medidas que contribúan a impulsar as transformacións económicas, sociais e ambientais ás que se enfronta esta industria
- Participaron na elaboración do plan empresas do sector e dos servizos complementarios, entidades de I+D, asociacións, cooperativas, clústeres industriais, e organizacións sindicais e empresariais
- Entre as actuacións que recolle, por parte de diferentes consellerías, figuran, por exemplo, as axudas a investimentos de pemes da industria da transformación dos produtos do mar; para a transformación e comercialización de produtos agrarios; proxectos colaborativos de I+D+i no ámbito da biotecnoloxía e a aceleradora BBFood
- A industria alimentaria acadou en 2025 as 2.142 empresas e a cifra máis alta de afiliacións con respecto a 2009
- Galicia é a quinta comunidade autónoma cun maior peso na cifra de negocios, por detrás de Cataluña, Andalucía, Castela e León e Valencia

O Consello da Xunta aprobou o Plan director do sector alimentario 2026-2028, que leva asociado un orzamento inicial de 216 millóns de euros para o desenvolvemento de medidas que contribúan a impulsar as transformacións económicas, sociais e ambientais ás que se enfronta esta industria e para posionala como abandeirada da calidade e da innovación no mercado internacional.

Búscase, polo tanto, fortalecer o desenvolvemento da actividade industrial no sector para consolidalo como unha cadea de valor competitiva no ámbito internacional, a través da innovación, da dixitalización e da sustentabilidade, co fin de xerar un alto valor engadido e un emprego de calidade.

Participaron na elaboración do plan empresas do sector e dos servizos complementarios, entidades de I+D, asociacións, cooperativas, clústeres industriais, organizacións sindicais e empresariais e a Administración pública. Esta base participativa é unha garantía de que responde ás necesidades reais do sector e de que as súas medidas son viables e aplicables.

Medidas

Dentro do orzamento estimado non só están incluídas as actuacións da Consellería de Economía e Industria, dentro das que destaca o peso orzamentario do Instituto Galego de Promoción Económica (Igapec), senón que se comprenden actuacións de distintas consellerías, como a Consellería do Mar, a do Medio Rural ou a de Medio Ambiente e Cambio Climático.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as actuacións que recolle este plan director, figuran, por exemplo, as axudas a investimentos de pemes da industria da transformación dos produtos do mar; para a transformación e comercialización de produtos agrarios; o Plan galego de prevención e xestión de residuo alimentario; proxectos colaborativos de I+D+i no ámbito da biotecnoloxía; os Concursos de Feiras 2026-2027 para a promoción de produtos galegos de pesca, marisqueo e acuicultura, ou a aceleradora BBFood.

O plan vai contar cun sistema de seguimento e análise continua do seu impacto, o que permitirá a súa adaptación e, de ser o caso, redefinición, e isto plasmarase nas futuras actualizacións e modificacións que se consideren necesarias.

A industria alimentaria

A industria alimentaria, que en 2025 acadou as 2.142 empresas, é cuantitativamente significativa para o conxunto da economía galega e ten un considerable impacto na actividade económica polo seu papel estratéxico como motor de emprego. No 2025, acadou as 35.307 afiliacións, a cifra máis alta desde 2009, o que supón un crecemento neste período do 17,88 por cento (5.355 persoas afiliadas máis).

En canto ao seu peso estrutural, aproximadamente o 25 % da cifra de negocios e da ocupación industrial de Galicia concéntrase na industria alimentaria, segundo os datos da Estatística estrutural de empresas do IGE. A nivel estatal, Galicia é a quinta comunidade autónoma cun maior peso na cifra de negocios, por detrás de Cataluña, Andalucía, Castela e León e Valencia.

Estas cifras explican por que é un sector estratéxico, con capacidade para crear emprego de calidade e fixar poboación no rural, xerar alto valor engadido e conformar cadeas de valor que cohesionan o litoral e o interior.

Estratexia de promoción industrial

Ata o momento, o Goberno galego ten declarados nove sectores estratéxicos para a economía: a automoción, a construción naval, o forestal-madeira, a industria TIC e, agora, o sector alimentario, que xa contan con cadanseu plan director aprobado. O da función loxística, a industria da construción, a metalmecánica e o sector téxtil e da confección, que están en tramitación, completan a listaxe.

A elaboración dos plans directores dos sectores declarados estratéxicos forma parte da estratexia de promoción industrial da Consellería de Economía e Industria e complementa o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, co obxectivo de facilitar o proceso de transformación das industrias galegas e impulsar novas oportunidades de negocio que xeren riqueza e emprego de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA GARANTE UN ANO MÁIS DE ESTABILIDADE COA APROBACIÓN DUN TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO PARA 2027 QUE SUPERA OS 15.000 M€

- “Galicia vai seguir a súa propia senda de estabilidade e confianza e, para iso, é fundamental ter orzamentos cada ano”, salientou
- Resalta que, por primeira vez desde a pandemia, os orzamentos contan unicamente con recursos ordinarios, xa que a execución dos fondos MRR remata este ano
- O conselleiro de Facenda salienta que as previsións de crecemento para a economía galega melloran en dúas décimas sobre o inicialmente estimado para este ano, de xeito que “encadea sete anos de crecemento sostible”
- No que respecta ao paro, prevese que no 2027 caia ata o 7,7 %, rozando cifras históricas
- O teito de gasto remitiráselle ao Parlamento para o seu debate e os trámites continúan coa intención de presentar os orzamentos do ano 2027 no mes de outubro

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe “un teito de gasto para 2027 que supera, por primeira vez, os 15.000 millóns de euros”. Unha medida que se enmarca nos pasos a seguir para aprobar en tempo e forma o orzamentos do vindeiro ano e que estean en vigor o 1 de xaneiro.

“En Galicia imos seguir a nosa propia senda de estabilidade e confianza e, para iso, é fundamental ter orzamentos cada ano”, explicou o presidente, quen salientou o obxectivo do Goberno autonómico de que “Galicia siga sendo un exemplo de xestión racional e confiable das contas propias”.

En concreto, o límite de gasto non financeiro da comunidade autónoma, aprobado hoxe, ascende a 15.022 millóns de euros, un 5,5 % máis que no presente exercicio. Tal e como explicou o presidente, Galicia disporá dun teito de gasto non financeiro que, por primeira vez desde a pandemia, conta só con recursos ordinarios, que permiten incrementar a capacidade de gasto en 782 millóns de euros e compensar deste xeito a caída dos fondos MRR, cuxa execución conclúe este ano, o que supón que non achegará recursos no ano seguinte.

Deste xeito, Galicia esgotará o ano que vén a súa capacidade de gasto legal e reducirá o endebedamento, co que mellora aínda máis a solvencia de Galicia. O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, indicou que a xestión responsable que a Xunta fai dos recursos “permitirá encadear sete anos consecutivos de crecemento sostible”, o que facilitará que se siga creando emprego e que se rebaixe a taxa de paro ata o 7,7 % no 2027, o que roza cifras históricas.

Compromiso coas regras fiscais

Na presentación do teito de gasto para o vindeiro ano, o conselleiro salientou que o Goberno galego está comprometido coas regras fiscais. Corgos abundou na idea de que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o Goberno está convencido de que a sostibilidade financeira é a mellor garantía de crecemento económico e duns servizos públicos de calidade. Nesta liña explicou que malia que o Goberno central tenta trasladar que as comunidades autónomas terían máis marxe de gasto se se aprobase a senda fiscal, que outorga un déficit do 0,1 %, ambos os obxectivos son incompatibles.

Corgos indicou que se as comunidades autónomas cumpriran o déficit que formulaba o Goberno, incumprirían a regra de gasto, segundo as explicacións da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (Airfep), que di que a regra de gasto aprobada polo Goberno central levaría as autonomías a un superávit do 0,6 %.

O conselleiro de Facenda lembrou o contexto de incertezas que se está a vivir neste momento, marcado pola errática política arancelaria dos Estados Unidos, a guerra en Oriente Medio e a inestabilidade política e financeira de España, e contrapuxo esta situación coa política financeira galega, que combina "prudencia fiscal", capacidade transformadora e orientación estratéxica para achegar certezas e previsibilidade.

Cadro macroeconómico

Ademais da aprobación do teito de gasto, a Xunta actualiza con prudencia o seu cadro macroeconómico para este exercicio, cunha estimación de crecemento do PIB que permitirá encadear sete anos de crecemento sostible e unha caída da taxa de paro por debaixo do 8 %.

En canto ao crecemento da economía galega, o Goberno autonómico prevé un avance de dúas décimas, ata o 2,1 %. Para o 2027, a prudencia pola actual situación política e financeira internacional e nacional prevé un avance do PIB do 1,9 %, que podería mellorar.

Con relación á taxa de paro, a Xunta conseguiu estabilizala por debaixo do 10 % desde hai tres anos, e desde entón segue baixando ano a ano. En 2025 foi do 8,3 %, para este exercicio estímase que sexa do 8,1 % e, para o ano 2027, agárdase que caia ata o 7,7 %, o que supón rozar os mínimos históricos.

Todo isto faise cunha nova redución da ratio débeda/PIB, que para o ano 2027 se vai situar por debaixo do 13 % (ata o 12,6 %), co que se anticipa tres anos o obxectivo que recolle o Plan estratéxico de Galicia para o ano 2030, "cun mellor desempeño económico, crecendo e creando emprego".

Prioridades

Con estas estimacións económicas, a Xunta garante un ano máis de estabilidade para lles dar resposta aos retos aos que se enfronta Galicia. As prioridades das Contas 2027, concluíu Miguel Corgos, "serán o reforzo dos servizos públicos, a modernización e dixitalización e pulo á innovación do noso sistema produtivo, a mellora do acceso á vivenda e garantir o mellor Xacobeo da historia".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Un ano máis, a Xunta de Galicia cumpre co establecido na Lei galega de disciplina orzamentaria de 2011 e aproba o teito de gasto non financeiro, que agora será remitido ao Parlamento para o seu debate e posterior actualización. Así mesmo, a comunidade seguirá traballando para aprobar e para lle entregar ao Parlamento os orzamentos no mes de outubro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR MÁIS DE 10,8 M€ A OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE 65 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN FERROL

As vivendas construíranse na parcela 10 do polígono do Bertón, urbanizada pola Xunta de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do contrato de execución das obras de construción de 65 vivendas de promoción pública (VPP), que se construírán na parcela 10 do polígono do Bertón, en Ferrol, urbanizada pola Administración autonómica.

O importe de licitación do contrato ascenderá ata os 10.815.413,34 euros.

A parcela onde se situarán as novas vivendas públicas ten unha superficie aproximada de 2.223,31 metros cadrados e a edificación proxectada conta cunha superficie construída total de 10.213,16 m².

O edificio proxectado desenvólvese segundo o proxecto redactado pola UTE Bertón 10, e define claramente tres bloques lineais.

Distribución e usos por plantas

Planta soto: destinada a garaxes, rochos e locais de instalacións, que ocupa toda a superficie da parcela.

Planta baixa: destinada a soportais de uso público, seis portais de acceso e locais de instalacións, reserva para o almacén de contedores do lixo, centro de transformación, cuartos de limpeza, rochos e dous locais comerciais.

Planta alta: hai tres bloques con cinco plantas altas idénticas e cada bloque conta con dous portais.

Os bloques 1 e 3 son iguais, con catro vivendas de tres dormitorios por planta, o que dá como resultado 10 vivendas por portal, cun total de 20 vivendas por bloque. O bloque 2 conta con cinco vivendas de dous dormitorios por planta, o que dá como resultado un portal que serve a 10 vivendas e outro a 15, cun total de 25 vivendas.

En total, proxéctanse 65 vivendas, tres delas con dous dormitorios, adaptadas a persoas con mobilidade reducida no bloque 2.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa dos aloxamentos é o seguinte:

	Número de vivendas	Superficie útil media de vivenda (m ²)
2 dormitorios	22	60,77 – 64,52
2 dormitorios adaptadas	3	61,52
3 dormitorios	40	77,04 – 78,31
TOTAL	65	

O Goberno galego puxo en marcha en Ferrol un total de 353 vivendas de promoción pública, todas elas en parcelas urbanizadas pola Xunta de Galicia no Bertón.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE BANDE PARA ACOMETER A MELLORA DO ACCESO AO MERCADO DO XURÉS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO TOTAL DE 268.000 EUROS

- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, máis de 187.000 euros, e contratará e executará as obras
- Trátase de crear un novo espazo público na rúa Camiño Campo da Feira e nas parcelas adxacentes, de xeito que se renovarán e soterrarán os servizos urbanos e repoñeranse os pavimentos afectados polas obras anteriores
- Esta actuación forma parte do plan Hurbe impulsado pola Xunta, co que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade
- O Executivo autonómico traballa coas entidades locais en accións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Bande para a execución das obras de mellora do acceso ao mercado do Xurés, o que suporá un investimento total de 268.050,12 euros.

A Xunta, a través desta cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, alcanzará o 70% do orzamento desta intervención, con 187.635,62 €, e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Bande asumirá o 30 % restante do custo das obras, algo máis de 80.000 euros (80.415,26 €), así como a redacción do proxecto das obras e a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

A través deste convenio, ao abeiro do plan Hurbe impulsado pola Xunta co fin de lles axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, trátase de construír un novo espazo público no núcleo urbano do municipio, concretamente na rúa Camiño Campo da Feira e nas parcelas adxacentes.

Trátase de intervir neste acceso, que na actualidade é unha vía sen beirarrúas e sen unha senda peonil clara. O que se fará é ensanchar o devandito acceso, co que se eliminará este problema, xa que se executará unha beirarrúa con acabado en lastro gris e realizaranse os accesos aos garaxes e ás leiras que sexan necesarios.

A intervención

Mediante as obras proxectadas, o Concello de Bande pretende manter a liña de traballo que o caracterizou nos últimos anos, no empeño de dotar os núcleos do municipio do equipamento mínimo de infraestruturas e de lograr o aumento da calidade de vida dos seus habitantes e a mellora das condicións medioambientais dos seus núcleos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste caso, as obras consisten na renovación e no soterramento de servizos urbanos, na creación dun novo espazo público na rúa Camiño Campo da Feira e nas súas parcelas adxacentes e na reposición dos pavimentos afectados polas obras anteriores.

A recuperación das parcelas en ruínas como área pública implica a creación dunha nova praza que resolva a diferenza de cota entre a beirarrúa inferior e superior, a accesibilidade do conxunto e a creación de espazos atractivos e útiles para a cidadanía. Para iso, propónse a creación dunha praza a tres niveis, de xeito que se xerarán espazos de estancia nos que se colocarán bancos con sombra, árbores e noiros vexetais. Estes niveis terán dous tipos de circulación: a principal, accesible a través do perímetro da praza mediante unha beirarrúa continua, e a circulación interior secundaria, a través de dous tramos de escaleiras que conectan a cota máis baixa na rúa Faustino Santalices coa cota máis alta na rúa Outeiro do Rei.

Para lle dar continuidade espacial á praza e solucionar o encontro entre desniveis das diferentes plataformas, executaranse bancos de granito tostado que, en conexión coas escaleiras, acoutarán os espazos interiores, delimitarán os noiros vexetais e crearán diferentes tipos de bancadas ou liñas de asento continuo que emendan os encontros coa beirarrúa perimetral e os desniveis da praza.

A materialidade do conxunto resólvese mediante dous tipos de pavimentos.


O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro do ano 2027.

Estas actuacións enmárcanse na continua colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través de distintas medidas e de liñas de colaboración como o plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

FOTO REPRESENTATIVA



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DECLARA A ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DA MILAGROSA E FEIJOO, EN LUGO

- O ámbito da nova área de rehabilitación integral comprende máis de 1.000 edificios con máis de 4.000 vivendas
- Para o financiamento das actuacións previstas, o Concello poderá solicitar fondos cando se realice a correspondente convocatoria, unha vez que estea en execución o Plan de vivenda
- Lugo conta con outras dúas áreas de rehabilitación integral declaradas no conxunto histórico e no barrio do Sagrado Corazón e está integrada na área de rehabilitación dos Camiños de Santiago (Camiño Primitivo)

A Xunta de Galicia declarou a área de rehabilitación integral (ARI) dos barrios da Milagrosa e Feijoo no concello de Lugo, polo que a cidade conta xa con tres áreas de rehabilitación integral declaradas, xa que ademais desta nova conta coas do conxunto histórico e o Sagrado Corazón.

O novo ámbito da ARI comprende os barrios da Milagrosa e Feijoo e o perímetro aprobado abrangue tramos de vías clave, como a avenida da Coruña, río Navia e Concepción Arenal, no barrio da Milagrosa, así como río Cabe, San Lourenzo e a praza das Reboiras no barrio de Feijoo.

O número total de vivendas no ámbito é de 4.043 vivendas, repartidas en 1.025 edificios, dos cales 931 teñen como uso principal o residencial (90,84 %) e 94 son destinados a outros usos.

A superficie total do ámbito é de 25.797,14 metros cadrados, dos cales 24.000,11 metros cadrados corresponden ao barrio da Milagrosa e 1797,03 metros cadrados ao barrio de Feijoo.

Segundo a documentación achegada polo Concello, o parque edificado do ámbito presenta unha marcada heteroxeneidade, derivada da diferente evolución histórica dos barrios da Milagrosa e Feijoo. Non obstante, ambos comparten un predominio de edificacións construídas entre as décadas de 1950 e 1980, que coinciden co principal período de expansión urbana da cidade de Lugo.

No barrio da Milagrosa predomina unha edificación residencial colectiva de pequena e media entidade, cunha elevada unidade tipolóxica e compositiva, vinculada á arquitectura racionalista desenvolvida nas décadas centrais do século XX. Pola súa banda, no barrio Feijoo conviven vivendas tradicionais unifamiliares coa súa progresiva substitución por edificios plurifamiliares de maior altura, un proceso que modificou de forma significativa a morfoloxía urbana orixinal.

As actuacións que prevé o Concello son as seguintes:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

1. Na rehabilitación de edificacións, tanto nas vivendas unifamiliares coma nos edificios plurifamiliares:

- Medidas de conservación
- Medidas de accesibilidade
- Medidas de eficiencia enerxética
- Medidas de habitabilidade

2. Nos espazos públicos:

- Mellora da accesibilidade, da seguridade viaria e da mellora ambiental
- Dotacións de axardinamento e arboredo
- Soterramento dos tendidos aéreos e renovación das canalizacións antigas das redes de servizos que o precisen, así como a substitución da iluminación urbana por outra máis eficiente (tipo LED)

O Concello de Lugo poderá optar a fondos para o financiamento de actuacións nesta ARI cando se realice a correspondente convocatoria, unha vez que o Plan de vivenda estea en execución. A Xunta continúa agardando a que o ministerio de Vivenda poña data para asinar o convenio e traspase os fondos para poñer o plan en marcha, no que a Xunta achega o 40 % dos 399 millóns de euros que destinará Galicia ao plan, mentres que o restante 50 % lle corresponde ao ministerio.

O Concello de Lugo conta con outras dúas áreas de rehabilitación integral declaradas no conxunto histórico da cidade e na Sagrada Familia, nos que se investiron máis de 4,1 millóns de euros en axudas públicas desde a súa declaración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 8,5 M€ EN REFORZAR A HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA CON NOVAS CAPACIDADES PARA CONSOLIDAR A SANIDADE DIXITAL DE GALICIA

- A evolución da historia clínica permitirá incorporar ferramentas avanzadas baseadas en intelixencia artificial para o apoio da decisión clínica, a integración de información xenómica, a telemonitorización e novos servizos dixitais para profesionais e cidadanía
- Impulsaranse funcionalidades que faciliten a relación dixital das persoas usuarias co sistema sanitario
- A integración dos distintos módulos da historia clínica nunha única plataforma contribuirá a simplificar os procesos asistenciais e a mellorar a interoperabilidade entre sistemas
- Esta actuación permitirá avanzar na consolidación de IANUS 5 como plataforma única da historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde
- A medida enmárcase na estratexia de transformación dixital do sistema sanitario público galego e está cofinanciada polo programa Feder Galicia 2021-2027
- A Xunta está a tramitar o anteproxecto de Lei de transformación dixital do sistema público de saúde, co fin de actualizar tecnoloxicamente o sistema sanitario, mellorando a xestión de datos clínicos e regulando o emprego da IA neste eido

A Xunta, a través da Consellería de Sanidade, vai investir 8,5 millóns de euros no reforzo da historia clínica electrónica con novas capacidades destinadas a consolidar a sanidade dixital de Galicia.

Na súa reunión de hoxe, o Consello da Xunta autorizou a licitación dos servizos de evolución e actualización dos módulos que compoñen a historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde, cun investimento de 8.570.575 euros. O contrato ten unha duración inicial de 36 meses, con posibilidade de prórroga por dous anos máis.

A iniciativa, enmarcada na estratexia de transformación dixital do sistema sanitario público galego e cofinanciada polo programa Feder Galicia 2021-2027, ten un valor estimado total, tendo en conta as posibles prórrogas, de 13 millóns de euros.

O obxectivo da Xunta con esta actuación é continuar a modernización da plataforma corporativa IANUS e avanzar na súa evolución cara á nova versión IANUS 5, que se estenderá a todo o Servizo Galego de Saúde.

Así, reforzarse como contorna tecnolóxica única para os profesionais sanitarios dos centros de saúde e hospitais galegos, o que favorecerá unha visión integral da información clínica dos pacientes e facilitará unha atención máis coordinada, continua e segura. A integración dos distintos módulos nunha única plataforma contribuirá tamén a simplificar os procesos asistenciais e a mellorar a interoperabilidade entre sistemas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as principais liñas de evolución previstas, atópanse a incorporación de ferramentas baseadas en intelixencia artificial para apoiar a toma de decisións clínicas. Deste xeito, e atendendo ao conxunto de rexistros que contén a historia clínica, o persoal médico poderá visualizar, avaliar e identificar o estado de saúde dos pacientes dun xeito máis áxil.

Por outra banda, continuarase coa integración progresiva da información xenómica nos procesos asistenciais, o que contribuirá, por exemplo, a ofrecer os tratamentos farmacolóxicos máis axeitados para cada persoa.

A actualización dos módulos informáticos tamén reforzará os modelos de seguimento remoto de pacientes mediante dispositivos conectados, ampliando o número de dispositivos baseados no emprego de estándares clínicos, así como o número de variables que se rexistrarán de forma automática na historia clínica.

Na mesma liña, impulsaranse novas funcionalidades que faciliten a relación dixital da cidadanía co sistema sanitario. Neste caso, destaca a posibilidade de habilitar unha conversa, vía chat, entre médico e paciente, se o profesional sanitario o habilita, unha medida que ata o de agora estaba restrinxida soamente aos paciente telemonitorizados.

O novo contrato tamén permitirá continuar reforzando as capacidades de integración e intercambio de información clínica, tanto no ámbito autonómico coma co sistema nacional de saúde e co resto de países da Unión Europea, de xeito que se consolida a posición de IANUS 5 como eixe central da transformación dixital da sanidade pública galega.

Con esta iniciativa, a Xunta reafirma a súa aposta por unha sanidade máis innovadora, accesible e eficiente, apoiada nas novas tecnoloxías e orientada a lle ofrecer unha asistencia cada vez máis personalizada, integrada e de maior calidade á cidadanía galega.

A Xunta está a tramitar o anteproxecto de Lei de transformación dixital do sistema público de saúde, co fin de obxectivo actualizar tecnoloxicamente o sistema sanitario galego, mellorando a xestión de datos clínicos e regulando o emprego da IA neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCORPORA O CENTRO ETNOGRÁFICO O SEIXIDAL NAS SOMOZAS AO SISTEMA GALEGO DE CENTROS MUSEÍSTICOS

- O Consello autoriza o acordo para a cualificación deste equipamento, o que eleva ata un total de 100 os equipamentos que forman parte desta rede
- O Goberno autonómico valora este conxunto, de xestión municipal, pola relevancia que ten para a preservación e a divulgación da cultura rural galega do século XX
- O proxecto, analizado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, reflicte un inventario de 140 pezas, así como a organización de actividades divulgativas ao redor de tarefas agrícolas e a recreación de ambientes das vivendas tradicionais

A Xunta incorpora o Centro Etnográfico O Seixidal, no concello coruñés das Somozas, ao Sistema galego de centros museísticos, o que eleva ata un total de cen os equipamentos que forman parte desta rede. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta, onde se autorizou o acordo para a cualificación deste equipamento de xestión municipal. Con este acordo xa son cinco os centros de interpretación que forman parte deste sistema, xunto con 71 museos e 24 coleccións museográficas.

Para a devandita incorporación, o Goberno galego valorou a relevancia deste conxunto, formado por tres edificacións que foron antigas vivendas, un auditorio ao aire libre e unha zona de parcela dedicada a árbores froiteiras e cereais, para a preservación e a divulgación da cultura rural galega do século XX. Destácase deste xeito que o complexo, de titularidade municipal, está concibido como un lugar dinámico, participativo e de memoria viva que, ademais de contar con áreas expositivas, tamén está artellado para conectar o patrimonio coas persoas, especialmente coa veciñanza.

Nesta liña, cómpre subliñar que o obxectivo final deste proxecto de carácter local é converterse nun motor cultural e nun espazo de transmisión de coñecemento entre xeracións, con impacto tanto no municipio coma na súa comarca. Outro dos aspectos fundamentais que definen a actividade do centro é a súa faceta inclusiva e social, ao integrar nas súas accións a persoas maiores e con diversidade funcional, en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Desde apeiros agrícolas a demostracións e recreacións de ambiente

A narrativa do Centro Etnográfico O Seixidal céntrase na transformación do mundo rural, mostrando o paso dunha economía tradicional á modernidade, e baséase na recollida de testemuños e historias de vida. Ademais, funciona como un centro cultural aberto con actividades educativas e sociais ao redor de obradoiros sobre a cestería, o pan ou a poda, entre outros.

No seu Plan museolóxico, analizado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, reflíctese unha colección de 140 pezas de carácter etnográfico. Trátase de obxectos relacionados cos apeiros agrícolas, ferramentas e enxoval doméstico que foron de uso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

común no rural galego ata ben entrado o século XX. Ademais, cómpre destacar que o bo estado de conservación da maquinaria, aínda en funcionamento, permite realizar demostracións do seu uso nas tarefas agrícolas, organizando accións divulgativas.

A isto súmase o obxectivo de que as propias edificacións sexan unha mostra do tipo de construcións e usos das vivendas tradicionais galegas, que supón o punto de partida para o aproveitamento dun terreo no que se recuperaron plantacións tradicionais e árbores autóctonas. Nesta liña, o centro ofrece unha experiencia inmersiva, priorizando a creación de ambientes que evoquen a vida cotiá da comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONFIRMA O 6 % DE RESERVA DE CERTOS CONTRATOS PÚBLICOS PARA CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN POR UN IMPORTE DE CASE 4 M€

- O Consello aproba manter a porcentaxe mínima de reserva dos últimos anos —un punto máis do que fixa a lei— para CEE de iniciativa social e empresas de inserción en contratos menores e abertos simplificados nalgúns servizos e subministracións
- Desde 2022, superáronse de media case un 24 % os obxectivos de reserva fixados, con máis de 12,3 millóns de euros en contratos en eidos como a limpeza, traballo administrativo, servizos forestais, hostalería, transporte, servizos sociais ou almacenamento
- O obxectivo é incentivar a inclusión laboral das persoas con discapacidade e en risco ou situación de exclusión social, co gallo de lles facilitar o acceso ao mercado de traballo e de apoialas no seu desenvolvemento profesional, social e persoal
- A actuación responde ao compromiso do Goberno galego coa economía social, ámbito para o que este ano están orzamentados case 45 millóns de euros no marco da Estratexia galega da economía social: horizonte 2027
- Nesta folla de ruta tamén se encadran as axudas autonómicas específicas para centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, cun orzamento global de máis de 28,5 millóns de euros neste exercicio

O Consello da Xunta aprobou hoxe darlle continuidade á reserva dunha porcentaxe mínima da súa contratación pública para centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción do 6 %, un punto por enriba do que establece a Lei de contratos do sector público. Deste xeito, este ano reservarase a mesma porcentaxe que nos últimos exercicios dos contratos menores e abertos simplificados en determinados servizos e subministracións establecidos nesa lei, o que suporá —cando menos— un importe global de preto de 4 millóns de euros para estas entidades.

Entre estes servizos e subministracións están os relacionados coa limpeza, recollida e reciclaxe, servizos forestais, lavandería, hostalería, transporte, imprenta, servizos sociais, almacenamento e repartición. Tamén a hospedaxe, traballo administrativo, xestión e traballos auxiliares, correo e publicidade, mantemento e reparacións, produción e venda de plantas, produción e venda de xabóns, de ferramentas de cociña, de mobiliario, venda e distribución, artigos para eventos e regalos de empresa.

Esta actuación do Executivo autonómico ten como fin incentivar a inclusión laboral das persoas con discapacidade e en risco ou situación de exclusión social para facilitar o seu acceso ao mercado de traballo e apoialas no seu desenvolvemento, tanto desde unha perspectiva profesional coma social e persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, cabe destacar que nos últimos catro exercicios se superaron de media en case un 24 % os obxectivos de reserva fixados, con máis de 12,3 millóns de euros en contratos con centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción.

Pulo ao emprego inclusivo

A contratación reservada enmárcase no compromiso da Xunta co emprego inclusivo no seu apoio ás entidades que traballan con persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social. Ademais, forma parte da aposta global do Goberno autonómico a prol da economía social, ámbito para o que este ano ten orzamentados case 45 millóns de euros, no marco da Estratexia galega da economía social: horizonte 2027, coa que se estima crear 4.000 novos postos de traballo e constituír 400 novas entidades.

Nesta folla de ruta tamén se encadran as axudas dirixidas especificamente aos centros especiais de emprego e ás empresas de inserción laboral, cun orzamento global superior aos 28,5 millóns de euros este ano. No caso da convocatoria para empresas de inserción, o prazo de solicitude está aínda aberto, ata o 30 de setembro ou ata que se esgote o crédito dispoñible (1,5 millóns de euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA DITAMINOU MÁIS DE 410 EXPEDIENTES DURANTE 2025, CUN PRAZO DE EMISIÓN INFERIOR A 20 DÍAS

- A gran maioría dos ditames foron solicitados pola Xunta (239) e polos concellos e deputacións provinciais (168)
- Avaliou asuntos sobre responsabilidade patrimonial, contratos ou convenios con outras comunidades autónomas

O Consello Consultivo de Galicia elevou ao do Executivo autonómico a súa Memoria 2025, en cumprimento do artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril, na que se recolle que realizou 412 ditames durante o pasado ano, cun prazo de emisión inferior a 20 días.

A publicación, onde se reflicte a intensa actividade xurídica, institucional e divulgativa desenvolvida ao longo do pasado ano, foi aprobada por unanimidade polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia na sesión do 23 de xuño de 2026.

A memoria dá conta da actividade desenvolvida por este organismo independente que asesora xuridicamente as administracións autonómicas. Os datos estatísticos relativos aos ditames solicitados indican que se resolveron 412 expedientes no ano 2025. Deles, 239 foron solicitados por diferentes departamentos da Xunta —o 78 % desde a Consellería de Sanidade—, 168 desde concellos e deputacións provinciais, dous desde outros entes públicos, un por parte dunha Administración corporativa e outro por unha entidade local territorial.

O informe reflicte a axilidade do Consello Consultivo á hora de emitir os ditames. Máis do 91 % dos expedientes foron resoltos en prazo e a demora media sitúase nos 19,78 días, incluídas prórrogas.

Sobre os asuntos obxecto de consulta, a gran maioría dos ditames corresponderon a cuestións sobre responsabilidade patrimonial (310). Ademais, contabilizáronse 46 expedientes por revisións de oficio, 26 sobre contratos administrativos, 13 proxectos de decreto, e tamén houbo ditames sobre responsabilidade patrimonial contractual, proxectos de orde, convenios con outras comunidades ou recursos xudiciais.

Máis alá da actividade consultiva, a memoria recolle observacións sobre a mellora da práctica administrativa e compila a doutrina xurídica máis relevante; a composición, medios e orzamento correspondente ao 2025, así como información sobre outro tipo de accións, como formación, difusión do traballo en redes sociais ou un resumo da actividade desenvolvida por este organismo nos seus 29 anos de funcionamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DOTARASE DUNHA NOVA NORMATIVA DE TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS MÁIS FLEXIBLE QUE ADAPTARÁ O NÚMERO MÍNIMO DE ALUMNADO PARA FORTALECER O SISTEMA

- O Consello toma razón do inicio do trámite de consulta pública previa do futuro decreto para regular estas ensinanzas, en cuxa elaboración están participando as universidades públicas
- A principal novidade, segundo explicou o presidente, é “que se vai reducir o número mínimo de alumnos que debe ter unha titulación tendo en conta a evolución demográfica”
- O Goberno galego tamén seguirá ampliando a oferta universitaria “tendo en conta as novas demandas do mercado laboral e poñendo especial énfase naquelas titulacións que, tal e como permite albiscar a situación actual, terán moito futuro porque contarán cunha gran demanda e moita empregabilidade”, asegurou

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai iniciar a tramitación dunha nova normativa en materia de titulacións universitarias para “modificar e modernizar” a existente, introducindo unha “maior flexibilidade na oferta de graos e mestrados”, tendo en conta sobre todo a dinámica poboacional presente e futura e para seguir fortalecendo o sistema universitario. “O obxectivo é poder deseñar un catálogo de titulacións innovador, de calidade e aliñado coas necesidades socioeconómicas de hoxe en día”, indicou.

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, tomou en razón o inicio da tramitación do futuro decreto que regulará as ensinanzas universitarias oficiais en Galicia, a través do proceso de consulta pública previa, que se abrirá esta semana co fin de recoller as máximas achegas ao respecto. Cómpre ter en conta que na elaboración xa están participando as universidades públicas.

A principal novidade, segundo explicou o presidente, é “que se vai reducir o número mínimo de alumnos que debe ter unha titulación, tendo en conta a evolución demográfica”. O novo texto normativo terá en conta se se trata de estudos de grao ou de mestrados e se se oferta nos campus centrais ou nos campus nos centrais. Neste sentido, detallaranse os criterios establecidos para cada caso, así como as adaptacións específicas para titulacións concretas, como ata agora.

Deste xeito, actualízase o decreto vixente ata a actualidade que, tal e como explicou Rueda, “é de 2011, polo que ten que adaptarse á evolución de todos estes anos”. Nel, establecíanse un número mínimo de 50 alumnos e alumnas nos campus centrais e 45 nos non centrais para os graos universitarios e de 20 alumnos e alumnas no caso dos mestrados. Así mesmo, ao longo dos anos, establecéronse unha serie de indicacións especiais para casos específicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo desta nova normativa é flexibilizar estes mínimos para adaptalos á dinámica demográfica, ao tempo que se incidirá tamén na captación de alumnado de fóra, tanto nacional coma internacional.

Mapa de titulacións máis completo

O futuro decreto tamén regulará o mapa de titulacións como un instrumento de planificación, coordinación e ordenación da oferta docente do Sistema universitario galego a medio prazo. O obxectivo marcado é completar a totalidade das titulacións significativas que se poidan cursar en Galicia, sobre todo no que atinxe ao eido científico e profesional. Así, tal e como lembrou o presidente da Xunta, “no curso que vén de rematar, o 2025-2026, se ofertaron 141 graos, 218 mestrados e 136 doutorados” en todo o Sistema universitario de Galicia.

“O obxectivo é seguir ampliando este catálogo, tendo en conta as novas demandas do mercado laboral e poñendo especial énfase naquelas titulacións que, tal e como permite albiscar a situación actual, terán moito futuro porque contarán cunha gran demanda e moita empregabilidade”, destacou.

Por outra parte, partindo do novo contexto xurídico xurdido da Lei orgánica do sistema universitario no ámbito estatal, a nova normativa autonómica incorporará a regulación doutras cuestións, como a mención dual, os programas académicos de simultaneidade, os de percorrido sucesivo, as titulacións conxuntas internacionais, os itinerarios abertos ou a formación ao longo da vida mediante microcredenciais e programas de curta duración.

“En definitiva, seguimos traballando para ampliar e adaptar á situación actual de Galicia a oferta universitaria e, por suposto, o faremos como ata o de agora, en estreita colaboración coas tres universidades públicas galegas”, asegurou Rueda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE Á INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE SENDAS NAS ESTRADAS PO-254 EN PONTEAREAS E PO-262 EN MONDARIZ

- O obxectivo é executar itinerarios de uso mixto para peóns e ciclistas en distintos treitos destas vías que se atopan nunha contorna periurbana, cun investimento previsto que roldará os 1,9 millóns de euros
- Na PO-25, en Ponteareas, executarase unha senda de uso compartido en tres teitos das parroquias de Bugarín, Prado e Pías, e na PO-262, ao seu paso por Mondariz, no tramo Matadoiro-Mondariz
- Inclúe actuacións complementarias como a execución de bandas de aparcadoiro, reservas de parada de bus e reorganización da intersección entre a PO-254 e a PO-253 para permitir o cambio de sentido ou a disposición de novos pasos de peóns
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá este proxecto a información pública esta semana, co obxectivo de aprobar o proxecto de construción e licitar as obras este mesmo ano
- O Goberno galego mantén a súa aposta por intervencións que favorezan unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sostible

O Consello da Xunta acordou hoxe darlle luz verde á aprobación provisional, para a súa información pública, do proxecto para a execución de sendas de uso mixto para peóns e ciclistas nas estradas PO-254 en Ponteareas e PO-262 en Mondariz.

Esta nova intervención da Xunta de mellora da mobilidade e da seguridade viaria estímase que suporá un orzamento de arredor dos 1,9 millóns de euros.

Por unha banda, propónse crear un itinerario en tres tramos da estrada PO-254, nas contornas periurbanas do municipio de Ponteareas, nas parroquias de Bugarín (do punto quilométrico 1+270 ao 2+230, marxe dereita), Prado (do quilómetro 2+920 ao 3+630, marxe esquerda) e Pías (do quilómetro 4+280 ao 5+800, segundo o punto da estrada, na súa marxe dereita ou esquerda).

E, por outra banda, outra nova senda na PO-262, ao seu paso por Mondariz, no tramo Matadoiro-Mondariz, entre os puntos quilométricos 2+800 e 3+190, que neste caso discorrerá pola marxe dereita da estrada.

A nova senda deséñase co mesmo trazado en planta e alzado que as estradas polas que discorre. En xeral, o ancho do itinerario será de 2,02 m e o pavimento da senda será de formigón coloreado en ton terra. A senda elevarase 10 cm sobre a estrada e estará limitada por un bordo de formigón.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O trazado da estrada PO-254 modificarase lixeiramente en planta entre os puntos quilométricos 4+460 e 4+540, debido á existencia dunha edificación moi próxima á estrada no punto 4+475.

O deseño completárase con outras actuacións complementarias, nas que se inclúen a execución de bandas de aparcadoiro, reservas de parada de autobuses e reorganización da intersección entre a PO-254 e a PO-253, para permitir o cambio de sentido ou disposición de novos pasos de peóns que dean continuidade á senda, entre outras.

Próximos pasos

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá este proxecto a información pública esta mesma semana, para os efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia e para efectos expropiatorios, por un prazo dun mes. Nesta intervención é necesario a expropiación de 36 predios, pertencentes ao concello de Ponteareas.

Unha vez resolta a información pública, procederase á aprobación definitiva do proxecto de construción, co obxectivo de licitar as obras este mesmo ano. O prazo de execución das obras é de 18 meses.

As actuacións recollidas nesta nova actuación da Xunta financiaranse con cargo aos fondos do programa operativo Feder 21/27.

O Goberno galego mantén a súa aposta polas intervencións que favorezan unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e primando unha mobilidade máis cómoda, segura, saudable e sostible.

Imaxes dalgunhas das zonas da intervención e planos de planta das sendas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Situación actual da estrada na parroquia de Bugarín (en Ponteareas)




Situación actual dun tramo representativo do concello de Mondariz

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta de actuacións PO-254 (quilómetro 1+270 / 2+220). Ponteareas



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planta de actuacións PO-254 (quilómetro 2+920 / 3+630). T. M. Ponteareas



Planta de actuacións PO-254 (PP.KK. 4+280 / 5+810). T.M. Ponteareas



Planta de actuacións PO-262 (PP.KK. 2+810 / 3+210). T. M. Mondariz

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU MÁIS DE 1,2 M€ A EDITAR 1.200 TÍTULOS ENTRE OS ANOS 2022 E 2025

- O Consello analiza o informe sobre a evolución das publicacións institucionais que recolle que os formatos máis empregados son carteis, folletos, dípticos, trípticos e libros
- O obxectivo deste labor é poñer á disposición da cidadanía o coñecemento e a información especializada xerada polos organismos públicos autonómicos
- A librería institucional, as coedicións con empresas privadas e a comercialización directa en arquivos, museos e centros culturais son as canles principais de difusión

A Xunta de Galicia destinou desde o ano 2022 máis de 1,2 millóns de euros a editar 1.200 títulos. Así se recolle no informe sobre a evolución das publicacións institucionais do Goberno galego analizado hoxe polo Consello da Xunta, no que se dá conta de que os formatos máis empregados son carteis, folletos, dípticos, trípticos e libros.

A actividade editorial da Xunta de Galicia, tal e como se recolle no documento analizado hoxe, responde ás necesidades de comunicación específicas coas que se pretende poñer á disposición da cidadanía o coñecemento e a información especializada xerada polos organismos autonómicos. Así mesmo, os datos reflicten un equilibrio entre as publicacións en papel e en formato electrónico, cunha consolidación do eido dixital nos últimos anos.

Cómpre destacar que o reto do Executivo autonómico é que o 100 % das publicacións que non están destinadas á venda poidan estar dispoñibles en formato electrónico para facilitar o acceso ao coñecemento por parte de toda a cidadanía, en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, unha normativa impulsada pola Xunta de Galicia, pioneira en Europa e aprobada no Parlamento sen ningún voto en contra.

En canto ás canles de difusión, o Goberno autonómico pon á disposición do público estas publicacións a través da librería institucional, as coedicións con empresas privadas e a comercialización directa en arquivos, museos e centros culturais. No caso da librería, cómpre destacar que se trata dunha plataforma electrónica a través da cal a cidadanía e as librerías comerciais teñen acceso a todas as publicacións, tanto de distribución gratuíta coma de pago, de calquera departamento ou organismo autonómico.

Atendendo aos distintos departamentos editores, reflíctese que as áreas que lideran a actividade editorial se corresponden coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, cun 38,5 % das publicacións, e de Sanidade, co 33,7 %. A Consellería de Cultura, pola súa banda, é o departamento que edita un maior volume de publicacións en papel —o 74 % da súa produción— e o 27,7 % dos títulos correspóndense con publicacións venais, é dicir, que se poñen á venda a través das canles de difusión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O departamento de Sanidade, pola súa banda, destaca porque o 100 % dos seus títulos son de carácter non venal e contan cun gran valor informativo para a sociedade. Así mesmo, o 74 % da súa actividade céntrase en títulos menores en formato dixital.

Cómpre lembrar que as publicacións oficiais son un soporte informativo e difusor das actividades que desenvolven os distintos organismos da Xunta de Galicia. Con estes escritos perséguese proxectar a actividade governamental de cara á sociedade, ademais de que actúen como difusores de coñecemento tanto para favorecer o enriquecemento cultural da cidadanía como para lle achegar información veraz.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 80.000 ALUMNOS E ALUMNAS DE CENTROS EDUCATIVOS GALEGOS RECIBIRÁN ESTE CURSO FROITA, CASTAÑAS E LEITE A TRAVÉS DAS AXUDAS DA XUNTA

- O Goberno galego convocará novamente as achegas para a subministración destes produtos durante o recreo entre os centros que así o soliciten, cun orzamento de case de 965.000 euros, dos cales preto de 620.000 son para o programa de froita e máis de 345.000 para o de leite
- O destinatario final desta liña de axudas é o alumnado de educación infantil de segundo ciclo, de primaria e de secundaria, incluída educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional de grao medio
- Os centros poderán presentar a súa solicitude desde o día seguinte á publicación da súa convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para este venres 31 de xullo e ata o 30 de setembro

Máis de 80.000 alumnos e alumnas de centros educativos galegos recibirán este curso 2026-2027 froita, castañas e leite, a través das axudas da Xunta de Galicia para fomentar o seu consumo durante o recreo. A través do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), adscrito á Consellería do Medio Rural, convocaranse as achegas para a subministración deste produtos entre os centros que así o soliciten, cun orzamento de case de 965.000 euros, cofinanciados co Fondo Europeo de Garantía Agraria (Feaga) e fondos propios, dos cales preto de 620.000 euros son para o programa de froita e máis de 345.000 para o de leite.

Os obxectivos destas axudas son incrementar de forma duradeira a proporción consumida de froitas, hortalizas, leite e produtos lácteos durante a etapa de formación dos hábitos alimentarios; conseguir que os nenos e as nenas coñezan máis e desgusten estes produtos, descubran as súas características e propiedades e integren estes alimentos na súa dieta dunha forma natural, ou incorporar a froita como alternativa a outros produtos consumidos no recreo, entre outros.

Os centros educativos que queiran participar nun dos programas, no de subministración de leite ou froita, poderán presentar a súa solicitude desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para este venres 31 de xullo, e ata o 30 de setembro. O destinatario final desta liña de axudas é o alumnado de educación infantil de segundo ciclo, de primaria e de secundaria, incluída educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional de grao medio.

Haberá dous períodos de repartición autorizados, de novembro de 2026 a febreiro de 2027 e de marzo a xuño do vindeiro ano. En cada período, a distribución de froitas frescas e castañas levarase a cabo durante 10 días lectivos consecutivos e, no caso do leite líquido, terá lugar durante un mínimo de 10 días lectivos seguidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na última convocatoria con datos pechados destas axudas xestionadas polo Fogga, a do curso 2024-2025, beneficiáronse máis de 320 centros educativos de toda Galicia, especialmente das provincias de Pontevedra e da Coruña. En concreto, entregáronse máis de 250.000 quilos de froita e máis de 400.000 litros de leite.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 9,6 M€ A MELLORAR A COMPETITIVIDADE E A RENDIBILIDADE DAS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR

- Estas axudas, incluídas na terceira convocatoria do Fempa, cubrirán o 50 % do importe subvencionable, e poden chegar ao 100 % en proxectos colectivos e innovadores
- Financiarase, sobre todo, o desenvolvemento de novos e mellores produtos e procesos, a eficiencia enerxética, o valor engadido e a seguridade laboral
- O actual Fempa achegou un total de 25,2 millóns de euros a estas medidas, que permitiron desenvolver 93 iniciativas e mobilizar máis de 47 millóns de euros nas convocatorias de 2024 e 2025

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Mar sobre a resolución da convocatoria de 2026 das axudas a investimentos en pequenas e medianas empresas (pemes) de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura. A través desta orde, cofinanciada co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), o Goberno galego concede un total de 9.644.409,93 euros distribuídos en 39 proxectos empresariais aprobados. A mobilización total de investimento xerado por estas iniciativas superará os 19,2 millóns de euros no conxunto do tecido produtivo galego.

Esta liña de apoio cobre ata o 50 % dos custos subvencionables, aínda que a devandita intensidade pode alcanzar o 100 % cando se trate de proxectos colectivos e con compoñente innovador. Atendendo á finalidade dos proxectos seleccionados, a gran maioría das axudas —un total de 25 iniciativas— destínanse á creación de novos ou mellores produtos, procesos e sistemas de xestión.

Tamén se financiarán 6 proxectos orientados a aumentar a eficiencia enerxética e reducir o impacto ambiental, 4 centrados en fomentar a calidade e o valor engadido dos produtos do mar e outros 4 dirixidos a mellorar a seguridade, a hixiene e as condicións de traballo nas plantas de transformación. Por distribución territorial, os 39 proxectos aprobados nesta convocatoria concéntranse principalmente na provincia de Pontevedra, que capta 8,44 millóns de euros para 30 iniciativas, e na da Coruña, con preto de 1,20 millóns de euros destinados a 9 proxectos.

O apoio á transformación de produtos do mar mantén unha continuidade sólida no tempo. Ao abeiro do anterior marco (FEMP 2016-2023), a Xunta destinou máis de 105 millóns de euros a este sector, o que permitiu materializar 380 proxectos e mobilizar un investimento conxunto de máis de 200 millóns de euros.

Período Fempa

Pola súa banda, no actual programa operativo Fempa, as convocatorias correspondentes a 2024 e 2025 sumaron unha axuda pública total de 25,2 millóns de euros. Con estes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fondos, impulsáronse 93 iniciativas empresariais que xeraron un investimento global superior aos 47 millóns de euros. Deste xeito, a Xunta reafirma o seu compromiso coa modernización e a competitividade dun sector estratéxico que sustenta preto de 50.000 empregos en Galicia e representa arredor do 5 % do PIB autonómico.